

MESA XERAL OPE 2026 E CONSELLO ASESOR INTEGRACIÓN DA DISCAPACIDADE (21.04.2026)

MODIFICACIÓN DA ORDE DE ELECCIÓN DE DESTINO OPES

Promoción interna separada elixirá antes que acceso libre, OPE 2018-2019.
Pendente reunión monográfica coa DXEPAP sobre eleccións de destino.

MESA XERAL OPE 2026

O Decreto aplica taxas do 120% sectores prioritarios e do 110% no resto, e convoca:

- ✚ Acceso libre: **811** prazas por xubilacións, falecementos, renuncias, excedencias sen reserva, altas e baixas por traslados, ano 2025.
- ✚ Funcionarización: 91 reingreso excedencias que solicitaron por Resolución 2024.
- ✚ Promoción interna separada: 300 prazas.
- ✚ Entes instrumentais: 35 prazas de persoal laboral

UGT solicita o detalle das prazas incluídas en acceso libre por **causa e escalas**, e o **desenvolvemento do Acordo estatal de mellora de emprego coa negociación dun novo marco regulador** que deixe atrás as taxas de reposición e formule a ordeación de emprego conciliando a mobilidade, a promoción interna e o acceso libre, con procesos áxiles e simplificados que permitan a resolución anual das OPEs, a mobilidade aberta e unha promoción interna efectiva.

Rexeitamos os procesos selectivos por oposición

Rexeitamos a limitación a porcentaxe mínima da promoción interna do anexo I acceso libre.

Rexeitamos a toma de posesión do grupo B como C1, a Xunta é competente para desenvolver e resolver esta abusiva situación.



Solicitamos un proceso de funcionarización de repesca (refiren DXEPAP que se poderá facer sobre prazas desertas da anterior funcionarización mentres que non trascurren 3 anos).

Solicitamos datos de prazas non cubertas.

CONSELLO ASESOR INTEGRACIÓN DA DISCAPACIDADE NO EMPREGO PÚBLICO

Na OPE 2026 a oferta para discapacidade é de 119 prazas, **14,67%**, destas **17 de discapacidade intelectual, 2,10%**. **En promoción interna separada** de 300 prazas, se ofertan **24 prazas, 8%**.

Dende 2022 a 2025 se convocaron **882 prazas** (775 de discapacidade xeral e 107 de discapacidade intelectual), incluídas en **112 procesos selectivos** de diferentes corpos e escalas.

Nos procesos rematados se **cubriron o 70,73%**, porcentaxe a mellorar pero que certamente acredita que se avanzou moito na cobertura de prazas.

Estan para rematar os procesos de 2021 e 2022, e pendentos de convocar os de 2023 e 2024.

O Informe sobre discapacidade intelectual é moi completo, detallado por corpos, escalas e Consellerías, solicitamos co mesmo contido o de discapacidade xeral. Anúnciase que aportárase nunha reunión do Consello en novembro.

